




II Premio Internacional
COMPOSTELA
para álbums ilustrados



kalandraka

**O MEXICANO FELIPE UGALDE GAÑA O II PREMIO COMPOSTELA
CUN ÁLBUM DE GRAN RIQUEZA ESTÉTICA, LITERARIA E TÉCNICA**

O italiano Tommaso Nava foi finalista e a arxentina Cecilia Afonso recibiu a mención especial

O ilustrador mexicano Felipe Ugalde proclamouse gañador da segunda edición do Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados cunha obra da que o xurado destacou a súa gran riqueza técnica, estética e literaria. Por este proxecto, presentado co lema “Sueños de grandeza”, o autor recibirá 12.000 euros e o libro publicárase a finais deste ano nas cinco linguas peninsulares.

Ao II Premio Internacional Compostela, convocado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago e KALANDRAKA, presentáronse 280 traballos de 22 países: 182 procedentes de España, 19 de Arxentina, 18 dende Portugal, 13 de Italia, e en menor medida México, Brasil, Francia, Alemaña, Chile, Colombia, Croacia, Dinamarca, Eslovenia, Estonia, Israel, Líbano, Polonia, Reino Unido, Suíza, Turquía, Uruguai e Venezuela.

O xurado estivo formado pola editora Esther Tusquets; o artista galego Xosé Cobas; o ilustrador portugués Luis Mendonça; a profesora e especialista en Literatura Infantil, Manuela Rodríguez; a concelleira de Educación do Concello de Santiago, Guadalupe Rodríguez; o xefe do departamento de Educación do Concello de Santiago, Xosé Manuel Rodríguez-Abella; e Beatriz Varela en calidade de secretaria do tribunal.



Unha ilustración da obra gañadora do II Premio Internacional Compostela

O traballo de Felipe Ugalde foi valorado como “o máis completo e equilibrado” de todos os presentados, en relación á complementariedade entre texto e imaxe, a principal cualidade que define o álbum ilustrado. O xurado calificouno como un proxecto “sintético e rico en elementos, que desenvolve moi ben e gradúa de principio a fin o concepto do tempo”. Esta historia dun crocodilo que vai medrando en tamaño e pretensións, destaca tamén polo “valor metafórico” das imaxes, “que resumen as aspiracións do protagonista”, cun “claro dominio” da técnica do acrílico. Un libro “que non ten idade”, engade o comité, “que permite distintas lecturas” segundo os lectores sexan infantís ou adultos.

Felipe Ugalde Alcántara naceu en 1962 en México. Estudou Comunicación Gráfica na Escola Nacional de Artes Plásticas da UNAM, onde foi profesor de Ilustración. Ten recibido diversos galardóns, participou coa súa obra en exposicións e imparte obradoiros de plástica. Traballa como ilustrador de álbums infantís, libros de texto e material didáctico dende hai máis de 20 anos.




Ilustración de Tommaso Nava (esquerda), finalista do certame, e de Cecilia Afonso (dereita), que recibiu unha mención especial

O proxecto finalista deste II Premio Internacional Compostela é obra do ilustrador italiano Tommaso Nava, co lema “Dialogando con un papel en branco”. Trátase dun traballo “moi poético, elaborado cunha linguaxe plástica moi contemporánea”, concluiu o xurado. Destaca desta proposta “a alternancia de elementos que facilita a lectura global” e proporciona “descanso visual”. Dende o punto de vista artístico, o traballo de Tommaso Nava, elaborado a lapis, resalta pola súa “plasticidade elemental e minimalista”, logrando un “resultado brillante con mínimos recursos”. En conxunto, este álbum que aborda o proceso creativo do autor, consegue “implicar o lector” na historia, aínda que no caso do público infantil é necesaria a intervención dun “mediador”.

Tommaso Nava naceu en 1981 en Cantù (Italia). Estudou no Istituto Statale d’Arte de Cantù e na Accademia del Castello de Milán. Expuxo a súa obra en diversas mostras individuais e colectivas. Foi galardoado en certames como ‘Scarpetta d’oro’ en Italia e ‘Ein Sonntag auf dem Lande’ en Austria.

Ademais, o xurado do II Premio Internacional Compostela concedeulle unha mención especial ao traballo da ilustradora arxentina Cecilia Afonso, co lema “Las llevadoras”. Trátase dun “canto ao feminino”, como o definiu o comité calificador, que destacou o carácter “poético” e a “musicalidade” da obra, cunha linguaxe plástica “limpa e clara” e cunhas ilustracións “delicadas e cheas de valor simbólico”.

Cecilia Afonso Estévez naceu en Bos Aires en 1977. Estudou gravado na Escola Nacional de Belas Artes Prilidiano Pueyrredón. Pertence ao colectivo arxentino Foro de Ilustradores. Tamén ten participado en exposicións e en 2008 foi seleccionada para a mostra da Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña (Italia). Actualmente traballa como ilustradora para unha revista de xardinería e paisaxismo.



De esquerda a dereita, Cristina Blanca, Xosé Manuel Rodríguez-Abella, Xosé Cobas, Esther Tusquets, Luis Mendonça e Manuela Rodríguez

A decisión do xurado do II Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados faise pública no Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, data na que KALANDRAKA cumpre este ano o seu undécimo aniversario. Coincide tamén coa celebración en Santiago da IX Campaña de Animación á Lectura. O seu título, “Lendo máis... Cerca”, está adicado á obra gañadora da primeira edición do certame, “Cerca”, da ilustradora arxentina Natalia Colombo.

O xurado do premio, o Concello de Santiago e KALANDRAKA destacaron o alto nivel literario e artístico dos traballos presentados polos autores e ilustradores que optaron ao galardón.